



ASUNTO: DECRETO APROBACION I CONCURSO DE DECORACION NADAL E ESCAPARATISMO

A Campaña deste Nadal do Covid será diferente como é lóxico a que se ven organizando nos últimos anos, non se considera oportuno a realización de ningún tipo de mercado, nin actividades de dinamización con talleres e contacontos como se viñan a celebrar.

Si que se pretende dar un pulo de motivación ao comercio local e a hostalería, có obxectivo principal e directo de fomentar as compras desta tempada nas tendas da nosa localidade, no noso comercio local, así como o gasto na hostalería.

Polo que a proposta é de unha campaña de impulso comercial para afrontar o Nadal do Covid con garantías.

Farase unha campaña de cartelería-pancartas en farolas coa mensaxe **“Este Nadal eu merco en Monforte”**.

Colocación de decoración navideña con globos

Con base no anteriormente exposto e en virtude das atribucións que me confire o art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o art. 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia,”

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Prestar aprobación ao I Concurso de Decoración do Nadal e Escaparatismo co seguinte detalle:

BASES DO I CONCURSO DE DECORACIÓN DO NADAL E ESCAPARATISMO

1. OBXECTIVO.-

O Concello de Monforte de Lemos a través da Concellería de Promoción Económica convoca o I Concurso de Decoración de Nadal e Escaparatismo deste concello có obxecto de fomentar a participación cidadá no embelecemento ornamental da vila, facendo involucrar ao comercio, hostalaría e veciñanza da imaxe de Monforte como centro neurálxico do comercio e da hostalería desta comarca e o Sur de Lugo.

Mediante este concurso preténdese promover a creatividade, a potenciación do comercio local no ambiente do nadal tradicional.

Para promover o interese e a participación, e para un maior interese polo concurso, o Concello concederá premios económicos aos participantes que resulten gañadores, segundo os criterios de valoración e puntuación que se determinan máis adiante.

O procedemento de concesión destes premios tratarase en réxime de concorrencia competitiva.

2. PARTICIPANTES.-



DOCUMENTO
DIGITALMENTE
FIRMADO

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E40006425400C3K6C4H1V5Z0 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JOSE TOME ROCA-Alcalde-Presidente - 02/12/2020
JOSE ANTONIO MOURELLE GILLERO-Secretario - 02/12/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 02/12/2020 14:40:51

DECRETO: 2020001878
Fecha: 02/12/2020
Hora: 14:40
Persona 76561868C





Poderán participar no concurso e, por tanto, poderán ser beneficiarios nos termos establecidos nestas bases: vivendas, comunidades de propietarios de edificios, hostalaría, comercios e/ou negocios que estean ubicados no termo municipal de Monforte de Lemos, que contén un establecemento físico aberto ao público e un espazo adicado a escaparate ou que estea habilitado para este motivo.

Para poder participar será necesario presentar a solicitude que se indica no Anexo I

3.- CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN.-

A decoración deberá estar exposta dende como mínimo dende o día 22 de decembro ata o día 7 de xaneiro de 2021.

As decoracións e adornos teñen que ser típicos de Nadal e a zona elixida para ser decorada ten que ser totalmente visible dende a vía pública.

4.- CATEGORÍAS E MODALIDADES.-

Establécense tres categorías:

1ª.- COMERCIO

Establécense unha modalidade e valorarase en conxunto o mellor escaparate e interior do establecemento participante. Poderán participar todos os comercios e/ou negocios ubicados no termo municipal de Monforte, non podendo participar nas tres categorías de forma simultánea.

O establecemento participante deberá decorar o seu escaparate e interior co ambiente propio das festas, utilizando elementos tradicionalmente de nadal, iluminación da instalación e composición. Os obxectos de venda que se atopen nos escaparates poderán ser cambiados durante este período, sempre que non se modifique a decoración do escaparate.

2ª.- HOSTALERÍA

Establécense unha modalidade e valorarase en conxunto a mellor entrada e interior do establecemento participante, así como ventás. Poderán participar tódolos negocios ubicados no termo municipal de Monforte de Lemos, non podendo participar nas tres categorías de xeito simultáneo.

Os establecementos participantes deberán decorar a súa entrada e interior co ambiente propio das festas, utilizando elementos tradicionalmente de Nadal, iluminación da instalación e composición.

3ª.- VIVENDAS

Establécense tres modalidades:





3.1.- Comunidade de veciños dun edificio: Poderán participar todas as Comunidades de veciños de Monforte de Lemos que decoren as entradas principais dos seus edificios e que esas decoracións sexan totalmente visibles dende a vía pública.

3.2.- Ventás e/ou balcóns dun edificio: Poderán participar toda a veciñanza de Monforte de Lemos que resida nun edificio de Monforte e que decore as súas ventás e/ou balcóns de modo que esta decoración sexa totalmente visible dende a vía pública.

3.3.- Vivendas unifamiliares: Poderán participar os residentes en calquera vivenda unifamiliar ubicadas en Monforte de Lemos que decoren as súas vivendas e/ou xardíns de modo que esta decoración sexa totalmente visibles dende a vía pública.

5.- INSCRICIÓN.-

Os interesados en participar no concurso de decoración poderán inscribirse gratuitamente ata o día 22 de decembro de 2020, utilizando o modelo normalizado de participación (anexo I). Non se admitirán solicitudes presentadas fora do prazo indicado.

A solicitude de inscrición poderá obterse nas dependencias do rexistro do concello de Monforte, ou ben pode ser descargado na páxina web do concello www.monfortedelemos.es.

Unha vez cumprimentada a solicitude poderá ser presentada a través da sede electrónica do Concello de Monforte www.concellodemonforte.es. Ou ben de forma presencial a través da oficina de rexistro municipal en horario de 09:00 a 14:00 (luns a venres).

Os participantes deberán aportar antes do día 22 de decembro de 2020 (incluído) cando menos 5 fotografías nas que se poida visualizar a decoración realizada. A achega das fotografías ademais de ser anexadas a solicitude, deberanse enviar a conta de correo electrónico: emprego_pe@concellodemonforte.com facendo constar o nome da persoa ou entidade que fai a solicitude, así como a dirección e teléfono de contacto.

O procedemento de instrución e resolución levarase a cabo na Unidade de desenvolvemento local do concello de monforte nos termos que se regulan non artigos 23 a 27 da Lei xeral de subvencións.

6.- OBRIGATORIEDADE E RESPONSABILIDADE.-

Deberanse respectar as normas para a montaxe, debendo estar a decoración rematada como mínimo o día 22 de decembro do 2020.

O solicitante deberá responsabilizarse do cumprimento das normas establecidas en canto á seguridade e medidas específicas sanitarias.





En todo caso o Concello queda exonerado das responsabilidades derivadas dos danos materiais, físicos ou de calquera outra natureza que se poidan producir a terceiros con motivo dos traballos de instalación, montaxe e desmontaxe.

7.- MONTAXE.-

A temática para a decoración será exclusiva de Nadal, así como a composición de elementos, a proposta de ornamentación das fachadas, entradas, ventás, casas, árbores, etc. dos participantes.

Os elementos decorativos situaranse sobre as fachadas, balcóns, ventás, xardíns, escaparates, interiores, sen causar ningún tipo de perigo nin perxuízo para as persoas e os bens, e sen ocupar as vías de circulación.

No caso de realizar a ornamentación aproveitando o voo das vías públicas (colocación de guirnaldas, faroliños, iluminación ...) deberase contar coa aprobación dos donos dos inmobles.

Os comercios e/ou negocios, hostalería e participación en calquera das modalidades de vivenda, serán os encargados e responsables da seguridade, montaxe, coidado, mantemento e recollida o finalizar estas datas.

8.- PREMIOS.-

Destínase un crédito de 5.000.-euros que se imputará á aplicación orzamentaria 4311.480.01 do orzamento de gastos do ano 2020 e a que corresponda no orzamento do ano 2021, para a concesión dos premios aos participantes no I Concurso de Decoración do Nadal e Escaparatismo con motivo da celebración das festas e como incentivo a economía local.

Establécense os seguintes premios por categoría e modalidade:

1º.- COMERCIO

- 1º PREMIO: 300 €
- 2º PREMIO: 200 €
- 3º PREMIO: 100 €
- Sorteo de 5 lotes de bonos por un importe de 100 euros/premio, entre tódolos participantes, excepto os gañadores nesta modalidade. Estes bonos poderán ser trocados nalgún dos establecementos da hostalería abertos ó público no Concello de Monforte (non se financiará a consumición de bebidas alcohólicas) Estes bonos deberán consumirse como data límite o 31 de marzo de 2021, en calquera dos establecementos da hostalería do concello de Monforte de Lemos. O abono da consumición realizarase directamente ao establecemento de hostalería elixido polos agraciados, previa presentación e aprobación da factura, que deberá ser presentada ao Concello de Monforte de Lemos como data límite o 30 de abril de 2021.

2º.- HOSTALERÍA

- 1º PREMIO: 300 €





- 2º PREMIO: 200 €
- 3º PREMIO: 100 €
- Sorteo de 5 lotes de bonos por un importe de 100 euros/premio, entre tódolos participantes, excepto os gañadores nesta modalidade. Estes bonos poderán ser trocados nalgún dos establecementos da hostalería abertos ó público no Concello de Monforte (non se financiará a consumición de bebidas alcohólicas) Estes bonos deberán consumirse como data límite o 31 de marzo de 2021, en calquera dos establecementos da hostalería do concello de Monforte de Lemos. O abono da consumición realizarase directamente ao establecemento de hostalería elixido polos agraciados, previa presentación e aprobación da factura, que deberá ser presentada ao Concello de Monforte de Lemos como data límite o 30 de abril de 2021.

3º.- VIVENDA

3.1.- COMUNIDADE DE VECIÑOS DE EDIFICIO

- 1º PREMIO: 300 €
- 2º PREMIO: 200 €
- 3º PREMIO: 100 €
- Sorteo de 5 lotes de bonos por un importe de 100 euros/premio, entre tódolos participantes, excepto os gañadores nesta modalidade. Estes bonos poderán ser trocados nalgún dos establecementos da hostalería abertos ó público no Concello de Monforte (non se financiará a consumición de bebidas alcohólicas) Estes bonos deberán consumirse como data límite o 31 de marzo de 2021, en calquera dos establecementos da hostalería do concello de Monforte de Lemos. O abono da consumición realizarase directamente ao establecemento de hostalería elixido polos agraciados, previa presentación e aprobación da factura, que deberá ser presentada ao Concello de Monforte de Lemos como data límite o 30 de abril de 2021.

3.2.- VENTÁ OU BALCÓN DE EDIFICIO

- 1º PREMIO: 200 €
- 2º PREMIO: 100 €
- 3º PREMIO: 50 €
- Sorteo de 5 lotes de bonos por un importe de 100 euros/premio, entre tódolos participantes, excepto os gañadores nesta modalidade. Estes bonos poderán ser trocados nalgún dos establecementos da hostalería abertos ó público no Concello de Monforte (non se financiará a consumición de bebidas alcohólicas) Estes bonos deberán consumirse como data límite o 31 de marzo de 2021, en calquera dos establecementos da hostalería do concello de Monforte de Lemos. O abono da consumición realizarase directamente ao establecemento de hostalería elixido polos agraciados, previa presentación e aprobación da factura, que deberá ser presentada ao Concello de Monforte de Lemos como data límite o 30 de abril de 2021.





3.3.- VIVENDA UNIFAMILIAR

- 1º PREMIO: 200 €
- 2º PREMIO: 100 €
- 3º PREMIO: 50 €
- Sorteo de 5 lotes de bonos por un importe de 100 euros/premio, entre tódolos participantes, excepto os gañadores nesta modalidade. Estes bonos poderán ser trocados nalgún dos establecementos da hostalería abertos ó público no Concello de Monforte (non se financiará a consumición de bebidas alcohólicas) Estes bonos deberán consumirse como data límite o 31 de marzo de 2021, en calquera dos establecementos da hostalería do concello de Monforte de Lemos. O abono da consumición realizarase directamente ao establecemento de hostalería elixido polos agraciados, previa presentación e aprobación da factura, que deberá ser presentada ao Concello de Monforte de Lemos como data límite o 30 de abril de 2021.

9.- XURADO.-

O Xurado do concurso estará composto por:

- Gloria María Prada Rodriguez – 1ª Tenente-Alcalde do Concello de Monforte de Lemos
- Carlos Rodríguez Fernández- Técnico de Cultura do Concello de Monforte de Lemos
- Isabel Martínez Rodríguez- Oficina de información ao consumidor Concello de Monforte de Lemos
- María Trinidad López Pérez- Axente de emprego e desenvolvemento local do Concello de Monforte de Lemos
- Manuel Fernández Álvarez- Xefe de servizos á cidadanía do Concello de Monforte de Lemos

O xurado valorará a todos os participantes que figuren debidamente inscritos.

10.- CRITERIOS DE OUTORGAMENTO DOS PREMIOS.-

O xurado valorará aos participantes segundo os criterios:

- a) Que os adornos conteñan motivos alusivos ás festas de nadal.
- b) Boa iluminación. Terase en conta que a iluminación sexa LED co fin de incentivar o aforro enerxético.
- c) Orixinalidade e singularidade da decoración.
- d) Valorarase especialmente todas as decoracións nas que se utilice material reciclado.
- e) Limpeza, orde e harmonía do proxecto.

Cada un dos criterios será valorado entre 1 e 5 puntos.

No caso de que máis de un participante obteña a mesma puntuación, o empate será resolto coa maior puntuación obtida segundo a orde establecida neste punto 10. das bases: maior puntuación no apartado a); de continuar o empate pasaríase a puntuación do apartado b) e así ata o último (o apartado e).

11.- FALLO.-





O xurado propondrá á súa resolución á alcaldía para a concesión dos premios a aqueles establecementos, comercios e/ou negocios, particulares que obteñan maior puntuación nos distintos criterios.

O xurado levantará acta de valoración e poderá declarar desertos os premios se considera que non se alcanza un nivel mínimo de calidade.

O fallo do xurado realizarase o mércores día 30 de decembro de 2020 e será inapelable.

Na categoría do sorteo de bonos para o consumo na hostalería entre os participantes, o sorteo levarase a cabo nun acto público o día 30 de decembro de 2020 as 13:00 horas no Salón de Plenos do Concello de Monforte de Lemos.

Para os efectos da práctica da notificación do resultado da valoración aos premiados, participantes e demais interesados, realizarase unicamente mediante publicación dos premiados no Taboleiro de anuncios do Concello e na web municipal o día 30 de decembro, de acordo co artigo 40 e 45.1.b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ao tratarse de actos integrantes dun procedemento de concorrencia competitiva.

O pago dos premios será realizado mediante transferencia bancaria a todos os premiados. Ademais, os premiados deberán aportar declaración responsable de estar ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa seguridade social, de conformidade co establecido no artigo 24 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

Os persoas e/ou entidades premiadas non poderán ter débeda algunha pendente co Concello de Monforte de Lemos. Este requisito verificarase de oficio pola Administración e debe cumprirse desde a data de presentación da solicitude ata a data do pagamento do premio, sen embargo o premio poderá concederse igualmente e irá destinado a compensar ou reducir a débeda que se teña co Concello, podendo recibir a diferenza se a cantidade debida é inferior á axuda concedida.

12.- ACEPTACIÓN DE BASES.-

O feito de participar no concurso implica o coñecemento e a aceptación destas bases.

O Concello de Monforte de Lemos resérvase o dereito para introducir, se o cre conveniente, as modificacións necesarias para o bo funcionamento do concurso.

13.- INCUMPRIMENTO.-

O incumprimento dalgunha das bases levará implícita a descualificación no Concurso.

14.- NORMATIVA APLICABLE.-

As presentes bases vinculan á administración, ao xurado e quen participe nas probas, e tanto a convocatoria coas súas bases e cantos actos administrativos se deriven das mesmas e das actuacións do xurado, poderán ser impugnadas polos interesados nos casos e formas que determine a Lei



FIRMANTE - FECHA





39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, así como no seu caso, na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

SEGUNDO.- Proceder á publicación do presente decreto na páxina web do Concello.

MONFORTE DE LEMOS, data da sinatura do Sr. Alcalde
Ordena e asina o Sr. Alcalde
Certifica e asina o Sr. Secretario



FIRMANTE - FECHA

JOSE TOME ROCA-Alcalde-Presidente - 02/12/2020
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 02/12/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 02/12/2020 14:40:51

DECRETO: 2020001878
Fecha: 02/12/2020
Hora: 14:40
Persona 76561868C

